



A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, co soporte institucional do Concello de Santiago de Compostela, dende a Concellería de Acción Cultural, e co obxectivo de achegar a nosa agrupación ó campo da dirección musical, e de crear novas oportunidades de contacto e práctica cunha banda profesional, convoca o ***I Concurso de Dirección da BMSC***.

BASES DO CONCURSO

1. Ter cumpridos os **18 anos** de idade o día de inicio do ***I Concurso de Dirección da BMSC***.
2. Formalizar a **solicitud** dentro do **prazo de inscrición**, adxuntando a documentación requirida.
3. De todas as solicitudes formalizadas en prazo **seleccionaranse a 10 candidatos** para participar no ***I Concurso de Dirección da BMSC***. Esta información comunicarase por correo electrónico a todas as solicitudes recibidas na data de publicación dos candidatos seleccionados.
4. Os **10 candidatos seleccionados** deberán **confirmar** a súa **asistencia** e participación dentro dentro do prazo de confirmación, achegando tamén a partitura e partes da obra de libre elección.
5. Realizarase unha listaxe de **candidatos reservas** que poderán ser convocados para participar no concurso en caso de que algún dos candidatos seleccionados renuncie ou cancele a súa concorrencia ó concurso.
6. Todos os **candidatos** que **non foron seleccionados** para participar no ***I Concurso de Dirección da BMSC*** **terán dereito de acceso a presenciar** todas as fases do concurso como **oíntes** na Sala Mozart do Auditorio de Galicia.
7. **Os candidatos seleccionados que non se presenten** ó concurso despois de ter confirmada a súa concorrencia dentro do prazo de confirmación, serán **penalizados** sen poder presentarse ás seguintes 5 edicións do concurso.

PRAZOS E LUGAR

1. **Prazo de inscrición:** do 17 de xaneiro ata o 11 de febreiro de 2022
 2. **Prazo de publicación dos candidatos seleccionados:** 15 de febreiro de 2022
 3. **Prazo de confirmación:** do 15 ó 18 de febreiro de 2022
 4. **Data do concurso:** do 15 ó 18 de marzo de 2022
- **Lugar:** Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela)
 - **Agrupación intérprete:** Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela

INSCRICIÓN

Enviar a solicitude dentro da data de inscrición ó endezo electrónico:

bmsc@santiagodecompostela.gal

Débese adxuntar a seguinte documentación obrigatoria:

1. Formulario de inscrición (*ANEXO I*)
2. Fotocopia do DNI ou pasaporte (*formato PDF ou imaxe*)
3. Currículo profesional-académico (*formato PDF*)

Pódese achegar tamén a seguinte documentación opcional:

4. Vídeo dirixindo de duración 5-10 minutos (*enlace YouTube, WeTransfer, Google Drive*)
*pode ser calquera tipoloxía de agrupación musical.
5. Cartas de recomendación.

REPERTORIO

- Gustav Holst: **FIRST SUITE in Eb for Military Band** (edición de Collin Matthews, 1984)
- Gustav Holst: **SECOND SUITE in F for Military Band** (edición de Collin Matthews, 1984)
- Ralph Vaughan-Williams: **ENGLISH FOLK SONG SUITE** (editorial Boosey & Hawkes)
- Percy Grainger: **LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne** (edición de F.Fennell)
- Jesús Guridi: **DIEZ MELODÍAS VASCAS** (instrumentación de Tomas Aragües)
- Enrique Saavedra: **IMPRESIONES GALLEGAS** (arquivo da BMSC)
- ***obra de libre elección**

PARTITURAS

1. As **obras obrigadas** poden ser solicitadas por parte dos candidatos seleccionados mediante correo electrónico durante o prazo de confirmación (entre o 15 e o 18 de febreiro).
 - a. Unha vez solicitadas serán enviadas en formato PDF por correo electrónico.
 - b. A BMSC non se responsabiliza da utilización destes materiais fóra do marco do I Concurso de Dirección da BMSC.

2. As **obras de libre elección**:
 - a. Cada candidato debe facer a proposta dunha única obra completa (non se permiten andamentos ou partes independentes) con duración aproximada de 10 minutos. En ningún caso pode sobrepasar os 15 minutos de duración.
 - b. En caso de que existan coincidencias nas propostas de obras de libre elección entre distintos candidatos, vaise ter en conta con rigor a orde na data e hora da inscrición: o candidato que primeiro formalizou a súa solicitude terá dereito a manter a obra de libre elección proposta, e os candidatos posteriores deberán de facer novas propostas.
 - c. A obra proposta debe de poder realizarse co cadro organolóxico da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela (ANEXO II). Contémplase e valórase positivamente a posibilidade de que o candidato presente as adaptacións pertinentes e defectos ou arranxos que permitan que a obra elixida se axuste ó cadro característico da BMSC.
 - d. Os materiais completos (partitura e partes) deben de ser enviados ó arquivo da BMSC durante o prazo de confirmación (do 15 e o 18 de febreiro de 2022) elixindo unha das dúas posibilidades de envío:
 - Correo electrónico en formato PDF:
bmsc@santiagodecompostela.gal
 - Correo postal en formato físico (papel):
Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela
Auditorio de Galicia
Avda. Burgo das Nacións
C.P. 15705, Santiago de Compostela – A Coruña

XURADO E VOTACIÓN

O xurado estará constituído polos profesores músicos e polo director titular da BMSC.

1. PRESELECCIÓN:

De todas as solicitudes recibidas no correspondente prazo de inscrición, e tendo en conta toda a documentación adxunta, dende a Dirección Artística da BMSC vaise realizar unha selección de **10 candidatos activos** para participar no **I Concurso de Dirección da BMSC**.

Tamén se vai crear unha listaxe de **candidatos reservas**, que poderán ser convocados como candidatos para participar no concurso en caso de haber algunha baixa entre os primeiros 10 candidatos seleccionados.

2. FASE I:

- Profesores músicos da BMSC:
 - cada un pode elixir a un máximo de 5 candidatos para pasar á seguinte fase, sumando 1 punto a cada candidato.
- Director titular da BMSC:
 - pode elixir a un máximo 5 candidatos para pasar á seguinte fase, outorgando de 1 a 5 puntos a cada un deles.
 - en caso de empate no corte dos 5 candidatos, o director titular pode incrementar 1 punto a favor de un dos candidatos empatados.
- ✓ **Resultado final:**
 - Pasan á seguinte fase os **5 candidatos** que alcancen **maior puntuación**.

3. FASE II (Semifinal):

- Profesores músicos da BMSC:
 - cada un pode elixir a un máximo de 3 candidatos para pasar á seguinte fase, sumando 1 punto a cada candidato.
- Director titular da BMSC:
 - pode elixir a un máximo 3 candidatos para pasar á seguinte fase, outorgando de 1 a 3 puntos a cada un deles.
 - en caso de empate no corte dos 3 candidatos, o director titular pode incrementar 1 punto a favor dun dos candidatos empatados.
- ✓ **Resultado final:**
 - Pasan á seguinte fase os **3 candidatos** que alcancen **maior puntuación**.

4. FASE III (Final):

- Profesores músicos da BMSC:
 - cada un poderá valorar de 1 a 3 puntos a cada un dos 3 candidatos finalistas.
- Director titular da BMSC:
 - únicamente no caso de empate, o director titular participará na votación incrementando 1 punto a favor dun dos candidatos empatados.
- ✓ **Resultado final:**
 - A suma total das puntuacións obtidas por cada candidato será o resultado definitivo dos premios 1º, 2º e 3º.

PREMIOS

En relación á puntuación obtida na Fase III (final) do I Concurso de Dirección da BMSC, establécense os seguintes premios:

- **1º PREMIO**
 - Diploma certificado de recoñecemento.
 - 1.000€ brutos.
 - Participación como director convidado nun programa coa BMSC.
 - *Concerto*: 22 de setembro de 2022 ás 20:00h na Praza de Praterías
 - *Ensaio*: do 19 ó 22 de setembro de 2022 (de 10:00h ata 13:00h)
 - *Repertorio*: programa de libre elección, tendo en consideración o cadro organolóxico do que dispón a BMSC. O programa proposto deberá tamén ter a aprobación da Dirección Artística da BMSC.
 - Os honorarios correspondentes ós ensaios e ó concerto xa están incluídos no premio económico.
- **2º PREMIO:**
 - Diploma certificado de recoñecemento.
 - Estado de reserva para a participación de director convidado coa BMSC.
- **3º PREMIO:**
 - Diploma certificado de recoñecemento.
 - Estado de reserva para a participación de director convidado coa BMSC.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

1. PRESELECCIÓN

Publicarásse o día 15 de febreiro a listaxe dos 10 candidatos seleccionados (correo electrónico).

2. FASE I

Os 10 candidatos seleccionados deberán de presentarse na Sala Circular do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día martes 15 de marzo de 2022 ás 9:15h, para a presentación do concurso e para o sorteo da orde de participación na Fase I.

Cada candidato deberá interpretar:

-Dirección ininterrompida do andamento da obra:

- Percy Grainger: **LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne**

-Ensaio durante 10 minutos dun andamento (escollido por sorteo) da obra:

- Jesús Guridi: **DIEZ MELODÍAS VASCAS**

Hora	Repertorio	Candidato
9:30h	Sorteo das obras e da orde dos candidatos	
10:00h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 1.Narrativa 	1
10:15h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 2.Amorosa 	2
10:30h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 3.Religiosa 	3
10:45h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 4.Epitalámica 	4
11:00h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 5.De ronda 	5
11:15h	Descanso	
11:45h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 6.Amorosa 	6
12:00h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 7.De ronda 	7
12:15h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 8.Danza 	8
12:30h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 9.Elegíaca 	9
12:45h	<ul style="list-style-type: none"> • P.Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V.Lord Melbourne • J.Guridi: DIEZ MELODÍAS VASCAS: 10.Festiva 	10
13:00h	Votación dos profesores músicos	
13:30h	Publicación dos 5 candidatos semifinalistas Sorteo das obras e da orde de participación na Fase II (semifinal)	

3. FASE II (Semifinal)

Os 5 candidatos seleccionados deberán de presentarse na Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día mércores 16 de marzo de 2022 ás 10:00h.

Cada candidato deberá interpretar:

-Dirección ininterrompida dun andamento (escollido por sorteo) da obra:

- Enrique Saavedra: **IMPRESIONES GALLEGAS**

-Ensaio da obra (ata completar o horario asignado):

- ***obra de libre elección** aportada polo candidato

Hora	Repertorio	Candidato
10:00h	<ul style="list-style-type: none"> • E.Saavedra: IMPRESIONES GALLEGAS, 1.Abertura • *obra de libre elección 	1
10:30h	<ul style="list-style-type: none"> • E.Saavedra: IMPRESIONES GALLEGAS, 2.Brujas • *obra de libre elección 	2
10:00h	<ul style="list-style-type: none"> • E.Saavedra: IMPRESIONES GALLEGAS, 3.Rías Baixas • *obra de libre elección 	3
11:30h	Descanso	
12:00h	<ul style="list-style-type: none"> • E.Saavedra: IMPRESIONES GALLEGAS, 4.Alborada e festa • *obra de libre elección 	4
12:30h	<ul style="list-style-type: none"> • E.Saavedra: IMPRESIONES GALLEGAS, 5.Brincadeira • *obra de libre elección 	5
13:00h	Votación dos profesores músicos	
13:30h	Publicación dos 3 candidatos finalistas Sorteo das obras e da orde de participación na Fase III (final)	

4. FASE IIIa (Final)

Os 3 candidatos seleccionados deberán de presentarse na Sala Circular do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día xoves 17 de marzo de 2022 ás 10:00h.

Cada candidato terá que ensaiar durante 45 minutos (ata completar o horario asignado):

-Ensaio dunha das obras obrigadas (por sorteo):

- -G.Holst.: **FIRST SUITE in Eb for Military Band**
- -G.Holst.: **SECOND SUITE in F for Military Band**
- -R.Vaughan-Williams: **ENGLISH FOLK SONG SUITE**

-Ensaio da obra:

- ***obra de libre elección** aportada polo candidato

Hora	Repertorio	Candidato
10:00h	<ul style="list-style-type: none"> G.Holst: FIRST SUITE in Eb for Military Band *obra de libre elección 	1
10:45h	<ul style="list-style-type: none"> G.Holst: SECOND SUITE in F for Military Band *obra de libre elección 	2
11:30h	Descanso	
12:00h	<ul style="list-style-type: none"> R.Vaughan-Williams: ENGLISH FOLK SONG SUITE *obra de libre elección 	3

5. FASE IIIb (Final)

Os 3 candidatos seleccionados deberán de presentarse na Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) o día venres 18 de marzo de 2022 ás 10:00h.

Cada candidato terá que interpretar dirixindo ininterrompidamente (formato de ensaio xeral/concerto):

Hora	Repertorio	Candidato
10:00h	<ul style="list-style-type: none"> G.Holst: FIRST SUITE in Eb for Military Band *obra de libre elección 	1
10:25h	<ul style="list-style-type: none"> G.Holst: SECOND SUITE in F for Military Band *obra de libre elección 	2
10:50h	<ul style="list-style-type: none"> R.Vaughan-Williams: ENGLISH FOLK SONG SUITE *obra de libre elección 	3
11:15h	Votación dos profesores músicos	
11:30h	Publicación do premio e clausura do concurso	

ANEXO I: Formulario de inscripción no I Concurso de Dirección da BMSC

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
Enderezo postal de residencia	
Enderezo electrónico	
Contacto telefónico	
Obra de libre elección proposta (título e autor)	
Documentos adxuntos (sinalar cales envía)	DNI
	Currículo académico/formativo
	Currículo profesional/laboral
	Vídeo dirixindo
	Cartas de recomendación

Declaración de conformidade:

Lidas as bases, acepto todos os requirimentos e procedementos anteriormente descritos nas bases para o desenvolvemento do I Concurso de Dirección da BMSC, asinando este formulario de inscripción:

Sinatura e data:

--

ANEXO II: Cadro organolóxico da BMSC

A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela está configurada cun cadro de 36 profesores músicos organizados da seguinte maneira:

- 1 Frauta
- 1 Frauta ou Fautín
- 1 Óboe ou Corno Inglés
- 1 Fagote
- 1 Clarinete Requinto
- 9 Clarinetes
- 1 Clarinete Baixo
- 1 Saxo Alto ou Soprano
- 1 Saxo Alto
- 1 Saxo Tenor
- 1 Saxo Barítono
- 3 Trompas
- 3 Trompetas
 - *con opción de 3 Cornetas e 1 Fliscorno (sen superar os 3 instrumentistas)*
- 2 Trombóns Tenores
- 1 Trombón Baixo ou Tenor
- 2 Bombardinos
- 2 Tubas
- 4 Percusión